

**Administración e xestión de contidos con Wordpress**  
**PFPP 2023-2024**

Autor: Eladio Rial

## **Sumario**

|                                  |    |
|----------------------------------|----|
| Creación de contido.....         | 2  |
| Entradas e páxinas.....          | 2  |
| Imaxe corporativa do centro..... | 3  |
| Entradas.....                    | 8  |
| Etiquetas vs Categorías.....     | 8  |
| Páxinas.....                     | 11 |
| Contidos multimedia.....         | 11 |
| Xestión documental.....          | 12 |
| Editor de bloques Gutenberg..... | 14 |
| Introdución.....                 | 14 |
| Bloques.....                     | 15 |
| Modelos ou templates.....        | 15 |
| Bloques reutilizables.....       | 15 |

# Creación de contido

Neste bloque adicáremos a estudar máis a fondo os contidos que podemos publicar nun sitio web feito con Wordpress.

Estudaremos os tipos de contido que hai: entradas, páxinas e multimedia. As súas diferencias e semellanzas, e as súas propiedades e para que serven.

Aprenderemos a crear, eliminar e modificar os tipos de contido.

Probaremos as opcións de publicación dos contidos.

Utilizaremos categorías e etiquetas para clasificar os contidos e veremos o efecto que ten na web.

Utilizaremos o editor de bloques Gutenberg para crear entradas e páxinas que se adapten a tódalas necesidades.

## Entradas e páxinas

De xeito resumido direi que en Wordpress publicamos artigos, como nun xornal, cun título e un corpo do artigo, e estes poden ser de dous tipos:

- a) os que poden ter unha importancia cronolóxica, porque teñen que estar ordeados no tempo e porque teñen unha vixencia concreta, normalmente curta. Exemplos: novas e actividades. Son as **ENTRADAS** (posts).
- b) os que non importa cando se publiquen, teñen unha unha vixencia máis longa, un carácter máis permanente. Exemplos: os menús, a información do centro, os departamentos, as programacións, información para familias, etc. Son as **PÁXINAS**.


Entradas e páxinas serven para publicar contidos dun xeito similiar pero existen **diferencias** importantes a ter en conta:

- a) As entradas teñen **cronoloxía** e as páxinas non.
- b) As entradas teñen un enfoque máis **social** e as páxinas non (comentarios).
- c) As **entradas** poden organizarse por **categorías e etiquetas**, as **páxinas** son **xerárquicas**, pais e fillas, non teñen categorías nin etiquetas.

Cando usaremos entradas e cando usaremos páxinas para publicar contido na web do centro? A continuación veremos a estrutura da web e que se utiliza en cada lugar.

# Imaxe corporativa do centro

Unha páxina web acostuma a seguir o seguinte esquema:



ALTO CONTRASTE: ☐

Buscar contenido

SELECCIONA:

- ESPAÑA
- AMÉRICA
  - México
  - Colombia
  - Chile
  - Argentina
- USA

Si quieres seguir toda la actualidad sin límites, únete a EL PAÍS por 16€ el primer mes

SUSCRIBETE AHORA

INTERNACIONAL

OPINIÓN

ESPAÑA

ECONOMÍA

SOCIEDAD

EDUCACIÓN

CLIMA Y MEDIO AMBIENTE

CIENCIA

SALUD

TECNOLOGÍA

CULTURA

DEPORTES

TELEVISIÓN

GENTE Y ESTILO DE VIDA

03 abr 2024 Actualizado 19:39 CEST Selecciona: ESPAÑA

SUSCRIBETE INICIAR SESIÓN

EL PAÍS  
EL PERIÓDICO GLOBAL

INTERNACIONAL OPINIÓN ESPAÑA ECONOMÍA SOCIEDAD EDUCACIÓN MEDIO AMBIENTE CIENCIA SALUD TECNOLOGÍA CULTURA BABELIA DEPORTES TELEVISIÓN GENTE EL PAÍS SEMANAL

**Sánchez rechaza las "supuestas explicaciones" de Netanyahu y no descarta medidas diplomáticas**  
CARLOS E. CUE | Doha  
La Moncloa celebra el respaldo del mundo árabe al presidente español en su viaje por Oriente Próximo, pero teme una escalada del conflicto  
— **España apoyará el ingreso del Estado palestino en la ONU**

**Un presunto miembro de la trama de Luis Rubiales transportó dinero en metálico a República Dominicana**  
ÓSCAR LÓPEZ-FONSECA / LADISLAO J. MOYINO  
Un informe policial apunta que los fondos iban destinados a inversiones del expresidente de la RFEF y su socio en este país caribeño  
**El expresidente de la RFEF, en libertad tras negarse a declarar ante la Guardia Civil**

**La pareja de Ayuso se querrela contra la fiscal jefe de Madrid por revelar presuntamente secretos**  
PATRICIA PEIRÓ | Madrid  
El comisionista Alberto González lleva a los tribunales el comunicado de la Fiscalía que aclaró que fue el quien pidió llegar a un acuerdo en su caso de fraude fiscal  
— **Bolaños critica "campañas" contra los fiscales tras la querrela**

**Feijóo: "La clase política es la peor de los últimos 45 años. Incluido el PP"**  
VIRGINIA MARTÍNEZ | Madrid  
El líder del PP confirma que pedirá la comparecencia de Sánchez en la comisión de investigación del Senado  
— **El Senado reprueba a Sánchez y**

A maioría das páxinas de Internet que publican contidos regularmente seguen o mesmo esquema:

<http://historiadegalicia.gal/>

<https://www.nytimes.com/>

<https://www.bbc.com/>

<https://cifpacarballeira.gal/>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cifpferrolterra/>

<https://iesluisseoane.org/>

A continuación aparece o deseño da portada da web do instituto:


**XUNTA DE GALICIA**

**IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR**





Portada
O centro
Oferta educativa
Matrícula
Aula Virtual
Aula Mentor
Departamentos
Familias
Erasmus+
Máis...

**As novas do Cotarelo**  
Ver todas...



**Aula Capacitación Dixital**  
IES Armando Cotarelo Valledor

**Aula de Capacitación Dixital – 1ª quenda**  
22 Setembro, 2023

Formación gratuita, non regradada, de 30 horas de duración, para persoas maiores de 55 anos. Entregarase certificado de asistencia e aproveitamento... Formulario de inscrición.

[Ler máis](#)



**FP A DISTANCIA**

**Aviso para alumnado FP a distancia**  
14 Setembro, 2023

Por problemas técnicos alieos a este centro, algúns alumnos non teñen acceso á plataforma de FP a distancia. Nos próximos días recibirídes un correo electrónico da Consellería de Educación coas...

[Ler máis](#)



**Rutas do servizo de transporte**  
8 Setembro, 2023

Aquí podes consultar as rutas do servizo de transporte escolar 6 IES Armando Cotarelo Valledor.

[Ler máis](#)



**AVISO IMPORTANTE**

**Calendario de inicio da actividade lectiva**  
5 Setembro, 2023

Aquí podes consultar o calendario de inicio da actividade lectiva para o curso 2023 – 2024. 2023/2024. Inicio-da-actividade-lectiva-¡Descarga

[Ler máis](#)

**Outras novas e actividades do centro**  
Ver todas...



**Acto de graduación 2º bacharelato 2022-2023**  
16 Xuño, 2023

O pasado 9 de xuño celebramos o acto de graduación da promoción de 2º de bacharelato do curso 2022-2023.

[Ler máis](#)



**Xornada de drons con aerocámaras no Cotarelo**  
17 Abril, 2023

El pasado luns 17 de abril, la empresa Aerocámaras, líderes en el mundo de los drones y con sede en...

[Ler máis](#)



**Taller de xabóns**  
6 Marzo, 2023

Dentro das actividades englobadas no ERASMUS+ o departamento de bioloxía e de física e química organizaron un taller de...

[Ler máis](#)



**Calendario artístico 2023**  
1 Decembro, 2022

Calendario artístico do ano 2023, con ilustracións realizadas por alumnado do noso instituto e editado polo Equipo de Dinamización Lingüística.

[Ler máis](#)



**Biblioteca**

A nosa biblioteca ofrece máis de 10.500 volumes nos que podes atopar libros de todo tipo e para todos.



**Viveiro de empresas**

Poñémoscho doado: oficina, formación e asesoramento gratuíto no Viveiro de Empresas do IES Armando Cotarelo Valledor.



**Erasmus +**

O Erasmus é, sobre todo, unha oportunidade. E unha experiencia, e unha aprendizaxe e si, tamén moita, moita, diversa.



**Erasmus+ KA122**

Erasmus+ Learning to learn é un proxecto KA122 aprobado en febreiro de 2023.



**Dinamización Lingüística**

Revista escolar "O Larchán" e outras actividades promovidas polo equipo de Dinamización Lingüística do Cotarelo. Consulta o as nosas publicacións.

Rúa Armando Cotarelo Valledor 6 36611 Sobrado Vilagarcía de Arousa  
Teléfono: 986512311  
correo: ias.cotarelo.vilagarcia@edu.xunta.gal

Copyright © 2024 IES Armando Cotarelo Valledor



**Programa FSE+ 2021-2027 Galicia**

CABECEIRA

“SIDEBAR”? →  
MENÚ

CONTIDO: NOVAS

CONTIDO:  
ACTIVIDADES

CONTIDO:  
OUTRAS  
SECCIÓNS  
IMPORTANTES


PÉ DE PÁXINA

Fundamentos no deseño da web do centro:

- Portada:
  - Limpa e sinxela.
  - Menú con acceso a todo.
  - No corpo: novas importantes e actividades do centro. Posibilidade de velas en detalle.
  - Outras seccións importantes que non tiñan oco no menú ou para destacar máis.
  - Pé de páxina con información de contacto.
- Aspecto máis dinámico que a web antiga:
  - Novas do centro: avisos, información importante para alumnado e familias, cuestións administrativas, etc. Son entradas da **categoría “novas”**. Tódalas entradas da categoría “novas” pódense consultar nunha páxina.



- Actividades: eventos organizados polo centro ou os departamentos principalmente (talleres, xornadas, charlas, excursións, etc). Son entradas coa **etiqueta “destacado”**.
- Porque esas cores e tipografía? Manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia
  - <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesxunqueira2/system/files/Manual%20de%20identidade%20corportativa.pdf>
- Adaptable a móbiles.



Referencias:

<https://wordpress.com/es/support/entradas-y-paginas/>

<https://wpavanzado.com/diferencia-entradas-paginas/>

## Entradas

✔ Actividade guiada: crear unha entrada básica

Título: o nome do teu departamento ou área.

No corpo do artigo engade un contedor de dúas columnas ó 50%.

- Na columna da esquerda introduce tres parágrafos de texto de recheo xerado coa ferramenta "Ipsum Generator" <https://es.lipsum.com/>

- Na columna da dereita introduce un vídeo de Youtube calquera e xusto debaixo outro parágrafo.

Edita as propiedades da entrada e ponlle a etiqueta "formacion".


Publica a entrada.

## Etiquetas vs Categorías

Opcional. Vídeo explicativo: <https://learn.wordpress.org/tutorial/categories-vs-tags-whats-the-difference/>

### Categorías:

- Obxectivo: clasificar contido.
- Podemos asignar categorías só a entradas, non a páxinas.
- Recoméndase asignar **unha sóa categoría por artigo**.
- Predefinidas. Só o usuario administrador pode modificalas.
- Unha categoría por departamento. Existen outras categorías para clasificar contido como “novas”, “matrícula”.
- O uso é opcional pero recoméndase para organizar os contidos.
- Son xerárquicas, podo crear sub-categorías.




Na seguinte imaxe pode verse a configuración de Categorías en Wordpress:

| Nome                     | Descrición | Slug                     | Cantidade |
|--------------------------|------------|--------------------------|-----------|
| Administración e xestión | —          | administracion-e-xestion | 1         |
| Bioloxía                 | —          | bioloxia                 | 1         |
| Economía                 | —          | economia                 | 0         |
| EDL                      | —          | edl                      | 12        |
| Educación Física         | —          | educacion-fisica         | 1         |
| Filosofía                | —          | filosofia                | 1         |
| Física e química         | —          | fisica-e-quimica         | 0         |
| FOL                      | —          | fol                      | 0         |
| Francés                  | —          | frances                  | 0         |

## Etiquetas

- Obxectivo: referenciar contido por temas, semellanzas, etc. Pódense facer listas que filtren por unha etiqueta.
- 1 predefinida: “destacado” → aparece na portada, no carrusel de actividades do centro.
- Son opcionais. Liberdade para crear outras etiquetas. Con sentidiño!
- As etiquetas NON son xerárquicas.



WordPress dashboard interface showing the 'Etiquetas' (Tags) management screen. The left sidebar shows the 'Etiquetas' menu item highlighted. The main content area displays the 'Etiquetas' management interface, including a search bar, a table of existing tags, and a form to add a new tag.

**Etiquetas**

Engadir unha etiqueta nova

Nome:

Slug:

Descrición:

Engadir unha etiqueta nova

Accións en lote:

| Nome                               | Descrición | Slug      | Cantidade |
|------------------------------------|------------|-----------|-----------|
| <input type="checkbox"/> destacado | —          | destacado | 12        |
| <input type="checkbox"/> FOL       | —          | fol       | 1         |
| <input type="checkbox"/> formacion | —          | formacion | 15        |

Accións en lote:

3 ítems

## Recomendacións:

1. Usa unha soa categoría por artigo. Evitarás contido duplicado en varias seccións da web.
2. Non uses demasiadas etiquetas.
3. Non uses etiquetas que non sexan relevantes co contido.
4. Non dupliques categorías nin etiquetas. As letras con acentos as considera distintas, as maiúsculas e minúsculas non as distingue.

## Páxinas

✔ Actividade guiada: crear a páxina do departamento

Ocultar o título. Cabeceira personalizada cunha imaxe de fondo.

Cada unha das seccións da páxina leva un encabezado.

Sección “Membros” co profesorado.

Sección “últimas publicacións”. Incluír entrada feita anteriormente (clasifícala na categoría do departamento).

Sección “Documentación” con algúns documentos do departamento.

Sección “Materias impartidas” por niveis, cursos ou materias.

Sección “Enlaces de interese”.

Sección “Galería de imaxes”.

Finalmente engadir unha táboa de contidos ó principio da páxina.

## Contidos multimedia

En Wordpress, por contidos multimedia entendemos principalmente imaxes, vídeos e documentos que podemos subir e almacenar nun espazo chamado “biblioteca” para logo usar nos nosos artigos (entradas ou páxinas).

Faremos unha actividade guiada para ver tódalas funcionalidades desta sección

✔ Actividade

Subir unha imaxe na biblioteca.

Editar as súas propiedades: título, descrición,...

Editar a imaxe para facer un recorte ou un escalado.

Probar o buscador de contidos, os filtros e o cadro de resultados.

Facer unha búsqueda.

Clasificar o contido por categorías.

Utilizar a imaxe na entrada creada anteriormente.

## Xestión documental

Por defecto, os documentos xestionáanse en Wordpress a través da biblioteca, como un contido multimedia máis, pero na web do instituto púxose en marcha unha solución con máis funcionalidades e que permite unha mellor xestión dos documentos.

A problemática:

Na web no centro é necesario publicar documentación que podemos clasificar en dúas categorías:

### 1) Programacións

- Publicación anual.
- Unha cantidade relativamente alta de ficheiros nun curto espazo de tempo.
- En moitos casos as programacións é necesario organizalas por curso ou nivel (ESO, Bacharelato, FP).
- Debe ser accesible ás familias para a súa consulta.

### 2) Documentación que acompaña unha publicación

- Son puntuais, en entradas ou páxinas concretas (novas, actividades, documentación do centro).
- Cantidade baixa de ficheiros cada vez que se necesita.
- Normalmente son para previsualizar cando se accede a eles porque están incrustados nun artigo.

No segundo caso a solución é utilizar a xestión de contidos multimedia de Wordpress pero no primeiro caso instalouse un compoñente (plugin) que facilita o traballo e ofrece máis funcionalidades como a xestión de permisos, subida de ficheiros en bloque, traducións, personalización da visualización, etc.



# Simple File List Pro

Easy File Sharing for WordPress

[My Account](#)
[Documentation](#)
[Get Support](#)

[All File Lists](#)
[Create List](#)
[Access Settings](#)

[Pro Extensions](#)
[Author](#)
[Get Help →](#)

|                                                                                                                                                                                    |                                                                                                                                                                            |                                                                                                                                                                              |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Cotarelo</b><br>→ FILES ARE PUBLIC<br>Shortcode: [eeSFL list=1]<br><a href="#">Go to List</a> <a href="#">Edit List</a>                                                         | <b>Programacions Administracion</b><br>→ FILES ARE PUBLIC<br>Shortcode: [eeSFL list=2]<br><a href="#">Go to List</a> <a href="#">Edit List</a> <a href="#">Delete List</a> | <b>Programacions Artes Plasticas</b><br>→ FILES ARE PUBLIC<br>Shortcode: [eeSFL list=3]<br><a href="#">Go to List</a> <a href="#">Edit List</a> <a href="#">Delete List</a>  |
| <b>Programacions CCNN Biologia Xeoloxia</b><br>→ FILES ARE PUBLIC<br>Shortcode: [eeSFL list=4]<br><a href="#">Go to List</a> <a href="#">Edit List</a> <a href="#">Delete List</a> | <b>Programacions Economia</b><br>→ FILES ARE PUBLIC<br>Shortcode: [eeSFL list=5]<br><a href="#">Go to List</a> <a href="#">Edit List</a> <a href="#">Delete List</a>       | <b>Programacions Educacion Fisica</b><br>→ FILES ARE PUBLIC<br>Shortcode: [eeSFL list=6]<br><a href="#">Go to List</a> <a href="#">Edit List</a> <a href="#">Delete List</a> |
| <b>Programacions Filosofia</b><br>→ FILES ARE PUBLIC<br>Shortcode: [eeSFL list=7]<br><a href="#">Go to List</a> <a href="#">Edit List</a> <a href="#">Delete List</a>              | <b>Programacions Fisica Quimica</b><br>→ FILES ARE PUBLIC<br>Shortcode: [eeSFL list=8]<br><a href="#">Go to List</a> <a href="#">Edit List</a> <a href="#">Delete List</a> | <b>Programacions FOL</b><br>→ FILES ARE PUBLIC<br>Shortcode: [eeSFL list=9]<br><a href="#">Go to List</a> <a href="#">Edit List</a> <a href="#">Delete List</a>              |
| <b>Programacions Frances</b><br>→ FILES ARE PUBLIC<br>Shortcode: [eeSFL list=10]<br><a href="#">Go to List</a> <a href="#">Edit List</a> <a href="#">Delete List</a>               | <b>Programacions Grego</b><br>→ FILES ARE PUBLIC<br>Shortcode: [eeSFL list=11]<br><a href="#">Go to List</a> <a href="#">Edit List</a> <a href="#">Delete List</a>         | <b>Programacions Informatica</b><br>→ FILES ARE PUBLIC<br>Shortcode: [eeSFL list=12]<br><a href="#">Go to List</a> <a href="#">Edit List</a> <a href="#">Delete List</a>     |

[All File Lists](#)
[Programacions Informatica](#)
[List Settings](#)

[Pro Extensions](#)
[Author](#)
[Get Help →](#)

## Programacions Informatica | Settings

[List Access Settings](#)
[File List Settings](#)
[File Upload Settings](#)
[Notification Settings](#)
[Extension Settings](#)
[Tools](#)

### File List Access Settings

[Instructions](#)

#### File List Mode

Chose the access mode for this file list.

- ☒ **Normal Mode:** Files are public and can be linked-to from other websites.
- ☐ **Limited Mode:** Limit access to WordPress users who have a specific Wordpress role.
- ☐ **Group Mode:** Limit access to a group of WordPress users.
- ☐ **User Mode:** Limit access to a specific WordPress user.
- ☐ **Restricted Mode:** Admin grants file access. Users can see only files they uploaded.

### ✓ Actividade

Faremos unha demostración do compoñente de xestión documental e quedará gravada en vídeo.

- Ver a configuración do plugin.
- Personalización.
- Engadir documentos e organizalos.
- Cambiar as programacións nun novo curso.


# Editor de bloques Gutenberg

## Introdución

O editor de bloques Gutenberg é o sistema de Wordpress para construír o sitio web e publicar contidos dunha maneira visual. Utiliza un sistema modular de bloques para compoñer e dar forma ó contido e está deseñado para crear deseños detallados e flexibles para sitios web e produtos dixitais.

O editor de bloques está composto de 3 partes fundamentais:

- 1) Un **catálogo de bloques** para insertar nun lenzo de composición.
- 2) O **lenzo** que é o espazo onde colocas os bloques que soportan o contido como se fosen un puzle.
- 3) A **barra lateral de configuración** dos bloques onde modificas as súas propiedades e o seu aspecto.



Os bloques son unha unidade abstracta para estruturar e interactuar con contido. Cada bloque representa un elemento concreto como un parágrafo, un encabezado, un documento, unha imaxe, un enlace web, etc. Cada bloque trátase como un elemento separado con controis individuais de edición e formato. Cando todos estes compoñentes se montan xuntos dan forma ó contido da páxina ou entrada, que se almacena na base de datos.

Os bloques podense insertar, mover, reordenar, copiar, duplicar, transformar, eliminar, arrastrar e combinar. Tamén se poden reutilizar en outros artigos múltiples veces.

A configuración e o contido dos bloques pode personalizarse en tres lugares principais:

- o lenzo do bloque

- a barra de ferramentas do bloque
- inspector do bloque

## **Bloques**

**Demostración en vídeo:** Veremos os bloques máis importantes e as súas propiedades.

## **Modelos ou templates**

**Demostración en vídeo:** Que son os modelos e para que se utilizan.

## **Bloques reutilizables**

**Demostración en vídeo:** como facer un bloque reutilizable.